

# UNIDADE

## 2

## O dicionario, unha ferramenta de traballo

### ÍNDICE DE CONTIDOS

- 2.1 O dicionario, unha ferramenta de traballo**
- 2.2. O corpus**
- 2.3. Abreviaturas e formas de presentación**
- 2.4. Lemas dobres**
- 2.5. Organización dos artigos**
- 2.6. Clasificación das acepcións**
- 2.7. Clasificación das acepcións polo contexto**
- 2.8. Buscar nomes**
- 2.9. Buscar verbos**

Despois de adquirir no pasado curso os coñecementos de morfoloxía básicos, nesta unidade vas empezar a traballar co dicionario. O dicionario é unha ferramenta de traballo e, como acontece con calquera outra ferramenta, debemos aprender a usala para sacarlle o maior rendemento posible xa que, de non sabermos usala, será bastante inútil.

## 2.1 O dicionario, unha ferramenta de traballo

O manexo do dicionario require, ademais, duns coñecementos previos, que son os da gramática básica. Se non sabemos recoñecer o caso dun nome ou a persoa, o tempo e a voz dun verbo, o dicionario non pode compensar a nosa ignorancia da gramática. O dicionario refírese ao léxico, aos significados das palabras. Nós debemos ter coñecementos sobre a forma destas palabras. Non podemos pensar nun dicionario que, por exemplo, trouxese todas as formas do verbo λύω unha por unha, por exemplo:

Λύω      *eu desato*  
Λύεις    *ti desatas*  
Λύει     *el desata*

e así con todas as formas de todos os tempos, modos e voces, e o mesmo para cada un dos verbos gregos. O resultado sería un monstro coas dimensións de dez ou doce guías telefónicas de Nova York e sería inmanexable. É necesario que saibas, por exemplo, que λύομεν é a 1ª persoa de plural do presente de indicativo de λύω e que vaías ao dicionario a buscar λύω. Atoparás que λύω significa desatar, pero ti debes saber que a 1ª persoa de plural do presente de indicativo deste verbo debe traducirse *desatamos*.

Ademais dos coñecementos de gramática, hai outros coñecementos que se refiren a como debemos interpretar as indicacións que nos dá o dicionario. Neste documento atoparás unha serie de claves para saber entender un dicionario e unha serie de consellos útiles para obter os mellores resultados do seu uso.

Traballamos sobre a base de que o dicionario que vas usar é o *dicionario VOX*, o autor da cal é **José Manuel Pabón S. de Urbina**.

Debemos comezar por uns conceptos fundamentais.

## 2.2. O corpus

A maioría dos dicionarios de grego non conteñen todas as palabras documentadas nesta lingua, xa que moitas aparecen en textos legais, en textos técnicos, en poemas moi difíciles de traducir para principiantes ou en obras filosóficas complexas. O normal é que os dicionarios para uso de estudantes se limiten a conter o que chamamos un corpus limitado, isto é, sobre unha serie de autores ou de obras das que se extrae exhaustivamente o material. Un dicionario de grego que abranxa a totalidade dos case tres mil autores documentados da literatura grega ten que ser, indubidablemente, moito máis voluminoso. No caso do *dicionario VOX* (segundo se di na introdución, páx. X) contense todo Homero, Heródoto, Tucídides, 4 obras de Xenofonte, 5 diálogos de Platón, Sófocles, Anacreonte, Esopo, 3 discursos de Demóstenes, algúns diálogos de Luciano e o Novo Testamento. Iso explica que nalgúns casos te atoparás con palabras nos textos que vas traducir que non están no teu dicionario. Estas palabras atoparalas no vocabulario destas *Guías electrónicas*.

## 2.3. Abreviaturas e formas de presentación

Os dicionarios adoitan empregar distintos tipos de letra para referirse a informacións de diferente orde.

As traducións van nun tipo de letra, as indicacións gramaticais ou literarias, noutro ou outros. Para aforrar espazo, utilízanse moitas abreviaturas. O valor das abreviaturas adoita aparecer nunha Lista de Abreviaturas ao principio do libro (no VOX de grego aparece nas páxs. XV e XVI).

Para ver como se utilizan os tipos de letra distintos e as abreviaturas, leamos un par de palabras do dicionario:

**ἀριστεύω** ser o mellor ou máis valente; sobresaír, superar [a alguén *xen.*; en algo, *dat.*]; con inf. ἄ. μάχεσθαι ser o máis forte no combate; obter como premio [algo, *ac.*].  
F. 3ª *sing. impf. iterat. ép.* ἀριστεύεσκε.  
**ἔγ-χωρος ον** indíxena, do país, patrio || SUST. *m.* habitante || ADV. τὸ ἐγγώριον por tradición, no seu país.

**ἀριστεύω** y **ἔγ-χωροςον** son os lemas.

Chámase **lema** á forma da palabra que aparece na cabeza de cada artigo.

Van en **letra negra**, para que se distingan do resto do artigo. As **traducións** van en **letra redonda** (ser o mellor..., indíxena, etc.). Observa que **a disxuntiva ou, que indica traducións alternativas, vai en cursiva**, indicando que non é unha tradución. **Entre corchetes fanse indicacións sintácticas**; o réxime do verbo ἀριστεύω co significado de "superar [a alguén *xen.*; en algo, *dat.*]" quere dicir que o verbo co significado "superar" pode rexer un xenitivo para indicar a persoa á que se supera e un dativo para indicar aquilo no que a supera, por exemplo, teríamos que traducir a frase ἀριστεύομεν Λακεδαιμονίων θυμῷ "superamos aos lacedemonios en ánimo. "con inf. ἄ. μάχεσθαι "ser o máis forte no combate" quere dicir que o verbo pode rexer infinitivo (ἄ. é abreviatura de ἀριστεύω) e hai que traducilo entón por "ser o máis forte en"..., co valor semántico que teña o infinitivo. μάχεσθαι significa "combater", logo a tradución é *ser o máis forte en combater, no combate*. En cambio, cando o verbo leva acusativo tradúcese *obter como premio* (aquilo que signifique o acusativo).

O apartado **F** resérvase para formas gramaticais pouco correntes (as correntes, suponse que xa as sabes). Así, indícase unha forma, ἀριστεύεσκε, que é 3ª do singular do imperfecto iterativo épico (unhas formas arcaicas que aparecen en Homero e noutros textos épicos en verso), co sentido de *facer o que significa o verbo moitas veces*.

En **versaletas** sinálanse diferentes clases de palabras e en **cursiva**, tamén indicacións morfolóxicas. Así ἔγ-χωρος -ον é un adxectivo, como indica o lema (mira no apartado "presentación dos lemas"), e entón significa *indíxena, do país, patrio*. Pero pode usarse como substantivo (SUST. indica clase de palabra) masculino (*m.* indicación morfolóxica) e entón significa *habitante*. Por último, pode usarse como adverbio (ADV. indicación de clase de palabras), na forma de acusativo neutro e con artigo, (por iso se repite o lema, en grosa) τὸ ἐγγώριον, e entón significa *por tradición, no seu país*.

Debemos coidar estes extremos, e así:

a) Non debemos dar a unha palabra que ten un contexto determinado no texto que estamos a traducir as traducións que se ofrecen para outros contextos distintos. Sería un grave erro, para seguir co exemplo, traducir ἀριστεύομεν como *obter como premio* na frase ἀριστεύομεν Λακεδαιμονίων θυμῷ

b) Debemos coñecer as abreviaturas. En xeral, son fácil de recoñecer pero, si temos algunha dúbida, é bo consultar a lista de abreviaturas.

c) Non debemos confundir os tipos de letras, xa que, si o facemos, pódense cometer erros. Un caso extremo foi o dun alumno que traduciu o verbo ἀπτύω por *e*. Ao consultar o dicionario para ver por que o alumno fixera algo tan peregrino, descubrimos que no dicionario aparecen dúas variantes do verbo, é dicir, aparece ἀπτύω y (e na liña seguinte) ἀρύω *sacar, extraer*, etc. O dicionario ten correctamente y en cursiva, indicando que non é unha tradución, pero o alumno non se fixou nese "pequeno" detalle, e leu "ἀπτύω y" e xa non leu máis.

✓ Realiza a praxe 1

## 2.4. Lemas dobres

Ocasionalmente pode haber lemas dobres, que indican que a palabra ten variantes fonéticas ou morfolóxicas:

O lema **κέρδος εως [ους] τό** quere dicir que o nominativo é κέρδος, que o xenitivo é κέρδεος (pero que ten tamén unha forma contracta κέρδους) e que é un substantivo neutro.

O lema **τιμάω -ῶ** *taxar, avaliar* etc. indica que é un verbo contracto, cuxa forma sen contraer é τιμάω e a contracta τιμῶ.

Un lema pode remitir a outro lema, ben porque se recolle unha variante da palabra que ten o mesmo sentido que outra, ben porque se trata de formas irregulares que non son fáciles de localizar:

A indicación no dicionario **κέω = κείω 1** quere dicir que o verbo κέω é unha variante do verbo κείω cos mesmos significados. No noso exemplo aparece un 1 detrás de κείω porque hai dous verbos κείω, un que significa *ter gana de durmir, irse a durmir*, que no noso dicionario vén precedido do número 1, e no que se indica que *En Hom. tamb. κέω* (é dicir, *En Homero tamén κέω*) e outro precedido do número 2 que significa *fender, partir* e que non coñece esta variante formal.

No lema **ῥᾶλλωλα** indícase perf. 2º intr. de ῥᾶλλυμι, é dicir, perfecto segundo (o que quere dicir que non é o perfecto en -κ-, máis habitual) intransitivo de ῥᾶλλυμι. Haberá por tanto que ir buscar ῥᾶλλυμι para traducir ῥᾶλλωλα.

## 2.5. Organización dos artigos

A palabra máis cómoda de buscar no dicionario é a que ten un sentido único e específico, que poderíamos formalizar dicindo “a palabra grega **a** significa **b** en galego”. Por exemplo, diante dun artigo como

**Δεκά-χιλοι α** *dez mil*.

non nos cabe ningunha dúbida. Só significa iso e dános igual se os ‘*dez mil*’ son persoas, ovellas ou libros. Pero os problemas para o usuario dun dicionario fanse tanto maiores canto máis extensos sexan os artigos e máis diversas as acepcións das palabras, pois en grego, como en calquera outra lingua, o máis habitual é que as palabras non signifiquen unha soa cousa, senón que teñan sentidos diferentes. E así, por exemplo, se o verbo que buscamos é τίθημι, o noso problema pode ser grande, xa que o artigo ocupa case dúas columnas completas e só o principio pode provocar vertixe:

**τίθημι** poñer, colocar; erguer, erixir, dedicar; depositar; depoñer, tirarse [os vestidos]; asignar, atribuír; servir [o xantar]; dobrar [o xeonllo]; enterrar, fixar, determinar, establecer [como premio]; instituír; dar [unha lei]; trabar [combate], celebrar [xogos]; convocar [unha asemblea]....etc.

A impresión que nos dá é que τίθημι significa todo. Se non se teñen algunhas nocións, o normal é elixir o significado pouco menos que ao chou. O resultado deste proceder son

“fermosas” traducións (sobre todo, cando se pretende ser demasiado elegante e “literario”), como por exemplo:

- a) En Estaxira depositaron un monumento a Aristóteles.
- b) Os Atenienses determinaron o corpo de Teseo en medio de grandes honras
- c) A galiña atribuíu un ovo.
- d) Os corintios depuxeron uns xogos en honor do defunto.

En lugar das obviamente correctas:

- a) En Estaxira erixiron un monumento a Aristóteles
- b) Os Atenienses enterraron o corpo de Teseo en medio de grandes honras.
- c) A galiña puxo un ovo.
- d) Os corintios celebraron uns xogos en honor do defunto.

Contribúe moito a estes “pintorescos” resultados un costume estendida entre principiantes que consiste en poñerse a buscar as palabras no dicionario antes de lerse o texto e antes, polo tanto, de saber do que trata ou as relacións que teñen entre si as palabras que o compoñen. Peor aínda é cando se fai unha lista e se lle atribúe ao chou a cada palabra un dos sentidos que se atopan no dicionario. Cando non se teñen elementos de xuízo para decidir cal é o significado que se debe elixir, o máis fácil é que se escolla un significado desaxeitado e, naturalmente, canto máis longo é un artigo, máis fácil é enganarse.

Pero o peor é que, unha vez que a tradución elixida para cada palabra pasou a escribirse nunha folla de papel, considérase xa inamovible e máis certa que o Evanxeo. E se a frase que resulta de unir a tradución de cada unha das palabras así obtida non ten ningún sentido, iso non adoita provocar intranquilidade no principiante, que o achaca a que os gregos eran sen dúbida unha xente moi rara, que dicía a miúdo cousas sen sentido. Máis adiante trataremos de dar algúns consellos para solucionar este problema.

## 2.6. Clasificación das acepcións

O primeiro que debemos saber é que os dicionarios, aínda que non sexan moi explícitos, clasifican o corpo de cada artigo con algúns criterios que nos permiten desbotar partes enteiras como non pertinentes para traducir a palabra que estamos buscando. Nesta unidade e na seguinte estudaremos algunhas das variantes que permiten clasificar os sentidos das palabras e, polo tanto, facilitánnos a elección da acepción que nos convén para o texto que estamos a traducir.

### Variacións morfolóxicas.

En primeiro lugar, danse variacións morfolóxicas, que poden ser de diversos tipos:

- Variacións debidas ao xénero ou ao número:

Trátase de palabras que, ou ben teñen un sentido en singular e outro en plural, como ocorre, por exemplo en galego, en que non é o mesmo *amizade* que é un abstracto, que *amizades* que son persoas, ou ben presentan variacións de significado segundo o xénero (como en galego o *saxo*, que é un instrumento, fronte ao *saxo* que é a persoa que toca o saxo). A palabra seguinte serve de exemplo para variacións de significado que dependan do xénero e do número:

**ἀγαθός ἢ ὁν** *bo* nos seus varios sentidos: *nobre*, *de prol*, etc. Ao final do artigo, separado do resto por || atopamos: **Τὸ ἀγαθόν** *ben*; **Τὰ ἀγαθὰ** *os bens de fortuna ou as boas cali-*



*dades*. Trátase dunha importante axuda. Se no noso texto **ἀγαθός** concerta cunha palabra, saberemos que cualifica a esa palabra como *bo* nos seus varios sentidos. Entendemos claramente que unha persoa pode ser boa en sentido moral (*abusan de ti porque es bo de máis*), boa por unha habilidade (*é moi bo para enganar aos incautos*, onde a moralidade non é o trazo que caracteriza ao adxectivo), ou unha cousa pode ser boa porque é útil ou funciona moi ben (*unha tele moi boa*), etc. Pero se no texto que traducimos **ἀγαθός** está en neutro singular e con artigo, está substantivado e é un abstracto *o bo*, *o ben*. Mentres que se aparece en neutro plural con artigo, tamén está substantivado, pero xa non é un abstracto, senón que, ou *ben se refire a bens de fortuna (como casas, terreos ou cabalos) ou a boas calidades*.

Ás veces o dicionario marca estas diferenzas, pero non dunha forma tan clara, polo que costa máis traballo decatarse delas. Vexamos un exemplo:

**ἴδιος αὐτοῦ** *privado, particular, persoal, propio*, etc. O dicionario indica, non en apartado separado, senón entre paréntese, o seguinte: (**τὸ ἴδιον** , **τὰ ἴδια** *a propia casa*; **οἱ ἴδιοι** *os familiares ou domésticos*). Ambas indicacións sinalan diferenzas de sentido debidas ao xénero ou ao número.

➤ Variacións debidas á voz

Hai verbos que en activa significan unha cousa, e en media, outra, así que hai que fixarse na voz en que está a palabra no noso texto para saber que sentido temos que darlle. Vexamos outro artigo:

**Λανθάνω** *ocultarse, estar oculto, pasar inadvertido; escaparse, ocultarse*, etc. Antes da batería de formas que presenta este artigo ao final, aparece a seguinte indicación: || MED. *esquecerse [de algo, xen.]; pasar por alto*. É importante sinalar que, cando o dicionario dá en medio do lema indicacións como MED. (voz media) ou PAS. (voz pasiva) que- re dicir que todo o que se di antes refírese a usos en voz activa.

Xa que logo, ao traducir este verbo debemos fixarnos se a forma que aparece no noso texto está en activa ou en media, porque a tradución será moi diferente.

✓ Realiza a πράξις 2

## 2.7. Clasificación das acepcións polo contexto

Os dicionarios clasifican o corpo de cada artigo con criterios que nos permiten elixir cal das traducións é adecuada ao texto que estamos a traducir. E comezamos por ver a clasificación por variedades morfolóxicas (debidas ao xénero ou ao número ou debidas á voz). Agora continuaremos con outro criterio de clasificación, a clasificación polo contexto.

O contexto é o conxunto de palabras nas que aparece a que estamos a buscar no dicionario. Toda palabra significa o que significa nun contexto. Así, a palabra *copa* non significa o mesmo nas frases *tomar unha copa*, *gañar unha copa*, *botar unha copa* (cando se xoga ás cartas) ou *subirse á copa da árbore*. A proba é que podemos substituílos, respectivamente, por *tomar un trago*, *gañar un trofeo*, *botar unha carta* ou *subirse ao alto dunha árbore*, pero non *tomar un trofeo*, *gañar unha carta*, *botar o alto nin subir ao trago dunha árbore*. Así que é moi importante ter en conta este feito á hora de decidir qué tradución debemos dar. O problema é que hai diversas clases de contexto. Imos ver as máis importantes.

- **En primeiro lugar, hai un contexto gramatical**, as palabras poden ter significados distintos de acordo co tipo de palabras ás que vaian asociadas. Esta circunstancia é importante cando buscamos verbos.

O criterio máis abundantemente utilizado nos dicionarios é a distinción transitivo-intransitivo, que efectivamente pode marcar profundas diferenzas de significado.

Por exemplo:

ἀπελαύνω e ἀπελάω TR. expulsar; excluír [de algo, *xen. ou tamén* αὐτοῖς φόβον α. . quitarlles o medo]; poñer en marcha || INTR. poñerse en marcha, partir || PAS. estar apartado, estar lonxe [de algo, *xen.*]. Vemos que se marca correctamente unha diferenciación entre uso transitivo *expulsar*, *excluír* (entendéndose que o acusativo indicaría aquilo que se expulsa ou exclúe) e un uso intransitivo *poñerse en marcha*, *partir*. Especificase, ademais, que se usa xenitivo para sinalar aquilo do que se exclúe. Pero (por medio do exemplo. Αὐτοῖς φόβον α. quitarlles o medo) indícase tamén que pode quitar algo (acusativo) a alguén (dativo) e esa regra poderase aplicar a outros casos nos que atopamos acusativo e dativo. Logo indícase que cando o verbo é intransitivo (é dicir, cando non leva complemento directo) significa *poñerse en marcha*, *partir*. E cando vai en pasiva, *estar apartado* e *estar lonxe*.

Pero tamén hai diferenzas importantes segundo o réxime: hai verbos que teñen un significado cando rexen un caso e outro cando rexen outro. Por poñer o exemplo de ἀκούω, a situación é:

ἀκούω con acusativo é oír algo: ἀκούω φωνήν οἰο unha voz.

ἀκούω con xenitivo é oír a alguén (non debe traducirse oír de alguén): ἀκούομεν τῶν πατέρων οἶμος aos nosos pais.

ἀκούω con adverbio é oír falar dun (ben, mal, etc.): ἀκούουσι καλῶς oen falar ben deles.

ἀκούω con nominativo é oírse chamar: ἀκούετε κακοί οἶδεςvos chamar malos.

ἀκούω con acusativo e infinitivo é oír que alguén fai algo: ἀκούω στρατηγόν ἥκειν οἰο que vén o xeneral.

ἀκούω con construción de participio (co mesmo sentido) ἀκούω στρατηγόν ἥκοντα οἰο que vén o xeneral.

Os contextos poden combinarse e expresarse, por exemplo, o acusativo do que se oe e o xenitivo de quen se oe: ἤκουσε ἀγγέλων τὴν ἀγγελίαν escoitou aos mensaxeiros a noticia.

Ao traducir un verbo, pois, é necesario ver se o dicionario indica usos diversos segundo o caso que rexe, e observar cál é o caso que se ten no texto, seleccionando así a tradución axeitada.

O contexto gramatical tamén é importante cando buscamos unha preposición, xa que as traducións varían segundo o caso que rexen.

- Outra clase de contexto, máis complexo, é o contexto semántico no que hai que ter en conta a clase de palabras que interveñen (por exemplo, un adxectivo referido a persoas traducirase dun xeito, e referido a cousas, doutra) e o feito de que unhas palabras poden combinarse entre si e outras, non. Así en galego non se debería dicir 'un

libro moi guapo", porque 'guapo' só debe aplicarse a persoas, e podemos dicir 'colorear un caderno', pero non 'colorear unha indigestión'.

Como exemplo, vexamos o seguinte artigo:

**Δύσκολος** **ον** malhumorado, descontento (dito de persoas); desagradable, desfavorable, adverso; difícil (dito de cousas).

Así que non poderemos traducir, por exemplo, **πότης δύσκολος** por bebida malhumorada (porque unha bebida non pode ter mal humor). Pero tampouco parece que se poida traducir unha bebida adversa nin difícil, pero si desagradable. Se atopamos **τυχή δύσκολος**, **τυχή** 'sorte' é tamén unha cousa, polo que non poderemos usar ningún dos dous primeiros sentidos. Pero non poderemos traducir sorte desagradable, senón máis ben sorte desfavorable ou adversa.

- Aínda máis amplo é o que poderíamos denominar contexto cultural ou ideolóxico que fará que debamos prestar atención a qué tipo de texto estamos a traducir para saber se os sentidos son apropiados ou non. Pénsese en galego "gornición ou guarnición", que significa unha cousa nun tratado de táctica militar e outra, moi diferente, nun libro de cociña. vexamos un exemplo:

**κόσμος ου ὁ** orde; conveniencia, decencia, disciplina; boa orde; organización, construción; director, maxistrado supremo [en Creta]; orde do universo; mundo, ceo; atavío, ornamento.

Está claro que maxistrado supremo só poderá traducirse cando esteamos cun texto que fale das institucións de Creta (que non será o probable). Se lemos que un cuarto está ἐν κόσμῳ non traduciremos que está no universo nin no ceo, nin en atavío, nin en disciplina (porque a disciplina só pode aplicarse a persoas, non a obxectos). En cambio en orde é algo que resulta aceptable. Por outra parte, se temos un texto de filosofía que fala de ἡ ἀρχή τοῦ κόσμου, pensaremos en traducir a orixe do universo e non a orixe da construción nin a orixe do atavío. Se, pola contra, se di que unha persoa aparece καλῶ σὺν κόσμῳ rexeitaremos que aparece cun fermoso universo ou cunha fermosa organización e pensaremos máis ben cun fermoso atavío. En suma, á hora de traducir unha palabra temos que ter sempre en conta de que estamos a falar e a quen se aplica a palabra que queremos traducir.

✓ Realiza a πράξις 3

✓ Realiza a πράξις 4



## 2.5. Algúns consellos prácticos para buscar no dicionario

Unha vez que revisamos os elementos que compoñen un artigo de dicionario e os factores que hai que ter en conta para identificar o valor que debemos dar a unha palabra nunha tradución concreta, é bo que teñas en conta algúns consellos prácticos á hora de usar o dicionario.

### 1. Busca só cando identifies as formas e as funcións das palabras da frase

O dicionario pode ser o teu inimigo se o utilizas nada máis ter ante a vista o texto que vas a traducir. Unha mala elección do significado na primeira palabra pódete despistar completamente sobre o sentido do que vas traducir e provocar que te equivoques ao elixir os sentidos das palabras seguintes, co que o resultado pode quedar moi lonxe do debido.

Así pois, antes de abrir o dicionario debes ler atentamente cada frase, descompoñela nos elementos que a forman e ver que clase de palabra é cada unha (nomes, adverbios, preposicións ou verbos) e as súas funcións sintácticas. Unha vez que o saibas, poderás xa mirar no dicionario.

### 2. Non deas ningún significado por seguro ata que non remates de traducir a frase

Se escolles ao chou un significado que está mal e non tes presente que pode estar mal, non haberá xeito de traducir a frase. Se o resultado do que busches non ten sentido, revisa cada un dos elementos. Os gregos non dicían cousas raras.

### 3. Unha vez lido o texto, fíxate no tema de que trata

Convén saber de que fala o texto e que clase de texto é. Se é unha fábula, podes atopar animais que falan, pero iso non pasará nun texto histórico. Se hai un contexto de batallas, podes atopar referencia a cabalaría, máquinas de guerra ou manobras. E así sucesivamente. Por outra banda, se temos unha idea do conxunto, poderemos logo colocar cada frase nese conxunto.

### 4. Selecciona, ao principio, os sentidos máis xerais

Como norma xeral, convén seleccionar, cando aínda non puliches a tradución, os sentidos máis xerais do dicionario. Así, poñer mellor que colocar ou establecer, dicir, mellor que articular, proferir. Cando esteas seguro do sentido da frase, elixe xa un verbo máis específico. Se tes frases como: Fulano puxo un libro no estante podes traducir *colocou*. Pero se tes: A galiña puxo un ovo, non vale *colocou*.

### 5. Busca primeiro o suxeito e o complemento e, sen perdelos, busca entón o verbo

Tamén como norma xeral, é máis doado determinar o sentido do verbo que necesitamos se sabemos antes cál é o suxeito e o complemento, xa que xeralmente os substantivos teñen menos variedade semántica que os verbos. Como consello "caseiro" é moi útil manter un dedo metido na parte do dicionario en que vén cada palabra para poder consultar á vez os sentidos do suxeito, do verbo e do complemento. Fai mentalmente a operación de poñer o suxeito e o complemento e vai poñendo no medio os sentidos do verbo, para ver cales dan sentido.

Por exemplo:

Ὁ γεωργός ἐργάζεται τὴν γῆν. Os substantivos on claros: Ὁ γεωργός o labrador e τὴν γῆν a terra. Poñémolos "a ambos os dous lados" do verbo e no medio os sentidos do verbo que dá o dicionario: **o labrador** traballa, elabora, cultiva, produce, fabrica, constrúe, executa, realiza, causa **a terra**. Enseguida ves que os sentidos axeitados son traballa (o máis xeral) ou cultiva, mentres que os demais son imposibles.

## 2.6. Buscar nomes

### 1. Cómpre identificar o nominativo singular

É moi importante que poidas identificar o nominativo singular das palabras que vaías traducir, pois é así como aparecen no dicionario. Ás veces é doado. Se tes unha forma como ἡμέραν identifícala sen dificultade pola súa final en -αν como un ac. sing. dun tema en -a pura da primeira declinación e sabes que o nominativo ten que ser ἡμέρα. Pero noutros casos as formas non son tan claras.

Por exemplo, -ας pode ser xenitivo singular ou acusativo do plural se vai tras ε , ι , ρ como en ἡμέρας (tema en alfa pura). Se non, só pode ser acusativo do plural, como en κεφαλάς (un tema en η ) ou en δόξας (un tema en alfa mixta). Ou pode ser terminación de nominativo, vocativo ou acusativo de singular dun neutro en -ας, como γέρας, ou de acusativo de plural dun masculino ou feminino da terceira declinación, como φύλακας.  
**O artigo axudarache moito.**

Debes, pois, fixarte ben na forma, antes de buscala no dicionario, en vez de lanzarte a mirar nel unha palabra que se pareza, sen pensalo antes. Aínda que pareza o contrario, afórrase tempo se se pensa antes de buscar.

### 2. As normas máis importantes

**A primeira norma, e a máis importante, é que te fixes en se a palabra leva artigo ou concorda con outra.** Así, seguindo co exemplo anterior:

τὸ γέρας é sen dúbida un neutro (leva artigo τὸ), mentres que τὰς ἡμέρας é un acusativo do plural (leva artigo τὰς), pero τῆς ἡμέρας é xenitivo singular (leva artigo τῆς).

γέρας ἀγαθόν é un neutro (concerta cun adxectivo neutro), mentres que καλὰς ἡμέρας é acusativo plural (concerta cun adxectivo en η, o xenitivo singular da cal sería καλῆς) , e καλῆς ἡμέρας é xenitivo singular.

**Unha segunda norma é que os vocativos van entre comas.** A partir de agora non falaremos deles máis que cando sexan distintos do nominativo.

## 2.7. Buscar verbos

**Dada a grande cantidade de desinencias do verbo grego deberás coñecer os paradigmas e recordar que os verbos como λύω non abundan en grego.** Aquí limitárenos a sinalar o xeito de atopar os verbos no dicionario, sempre que coñezas ben as desinencias, e referirémonos ás posibilidades máis comúns. Na maioría dos casos haberá varias posibilidades e será só o dicionario o que resolva cal é a verdadeira, pero convén telas presentes. Así, por exemplo, se te atopas cunha forma como ἔδρισαν, identificarala correctamente como aoristo de indicativo, 3ª de plural, quitáraslle a característica -σα e quedárase, aparentemente, un radical δει-. Pero δειώ non existe. É agora cando tes que recordar que ante -σ do aoristo pérdense as dentais. Así que o radical podería ser δειδ-, δειθ-, δειτ- e os presentes correspondentes, δειδω, δειθω e δειτω. O dicionario preséntanos δειδω.

Vexamos, pois, unha serie de cuestións que será bo que teñas en conta.

## Os aoristos radicais

Recorda que os **aoristos radicais temáticos teñen as mesmas desinencias que os imperfectos** temáticos no modo indicativo e que o presente nos demais modos e formas nominais. Así, ἔφυγον que é un aoristo, conxúgase exactamente igual que ἔλυον e o mesmo acontece cos outros modos; φύγω, -ης etc. conxúgase como λύω, λύης etc.

## Os graos vocálicos

Outra cuestión que debes recordar é que o grego fai uso moi a miúdo das alternancias vocálicas. Debes ter en conta que podes buscar un presente cun grao vocálico distinto. Así, no caso dun futuro como τείσω, en primeiro lugar buscarías un presente τείω. Non aparece. Acórdate de que pode ser un verbo en dental, τείδω, τείτω, τείθω, ou en dental co sufixo iode, τείζω ou τείττω. E non aparece nada diso. Pensa entón nun grao distinto, τί-; ademais, este tipo de casos adoita resolvelos o dicionario, de forma que, ao buscar τείσω, dirache que é o futuro de τίνω, e atoparalo en τίνω. Os perfectos con -ο- adoitan corresponder a presentes con -ε-. Así λέλοιπα unha vez que lle quitas a redución, ten un radical λοιπ-. Pero non atoparás λοίπω, senón o grao ε, λείπω.

## Verbos contractos

Debes recordar que **os verbos contractos alongan a vogal do radical en todos os temas que non son o presente**. Así que, se atopas un verbo que ten -η- ante características de fut., aor. ou perf. (como πεινήσαιμι), debes buscar un presente en -άω ou en -έω, πεινάω ou πεινέω. Se atopas un verbo que ten -ω- ante características de fut., aor. ou perf. (como δεδήλωκα), debes buscar un presente en -όω, δηλόω. **Non obstante, debes recordar tamén que unha forma con vogal longo ante desinencia pode ser dun verbo atemático**. Neses casos o dicionario adoita indicarcha. Así δώσω podería parecer un futuro dun verbo δόω, pero non o é. O dicionario indicache que é futuro de δίδωμι. E tamén debes recordar que existen futuros e aoristos pasivos en -η-, como κοπήσομαι e ἐκόπην do verbo κόπτω.

## Verbos con radical en oclusiva

En **canto aos verbos con radical en oclusiva, debes ter presente que, ante a sigma do futuro e do aoristo, as dentais pérdense, as labiais dan ψ e as guturais ξ**. Así que, en primeira instancia, se atopas un aoristo como ἔπεισα (e descartaches πείω) buscarás πείδω, πείθω ou πείττω. Se te atopas cunha forma como βλέψεις ou ἔβλεπον debes buscar un presente en labial, que pode ser βλέβω, βλέπω ou βλέφω. E se atopas unha forma como πλέξαιμι, busca un presente en gutural, que pode ser πλέγω, πλέκω ou πλέχω.

**Ante a -θ- das formas pasivas todas as labiais dan φ, as guturais, χ e as dentais, σ.**

Pero debes ter moi en conta que moitos destes verbos se forman con sufixo *iode* no presente. Así que aínda debes considerar outras posibilidades:

- Para os verbos en labial, ademais de -βω, -πω, -φω, debes buscar -πτω (resultado de labial e mais *iode*)
- Para os verbos en gutural, ademais de -γω, -κω, -χω, debes buscar -ζω (resultado de γ e máis *iode*), e -σσω / -ττω (resultado de κ ou χ mais *iode*).
- Para os verbos en dental, ademais de -δω, -τω, -θω, debes buscar -ζω (resultado de δ máis *iode*) e -σσω / -ττω (resultado de τ ou θ mais *iode*).

Recorda tamén que os futuros contractos que teñen un ι antes das terminacións poden corresponder a presentes en -ίζω. Así νομιεῖ é o fut. de νομίζω.

## Verbos líquidos

Para os verbos líquidos hai dúas cuestións fundamentais que deberás ter en conta: os futuros contractos e os aoristos con perda de sigma. Así mesmo, deberás recordar, en ambos os dous casos, os tratamentos de líquida e nasal máis iode para determinar posibles presentes.

- Debes ter en conta que os verbos en líquida teñen futuros contractos
- Tamén debes ter en conta que os aoristos dos verbos en líquida perden o sigma e alongan a vogal do tema por compensación:
  - α longa en η (salvo tras ε, ι, ρ, en que conserva α longa).
  - ε longa en ει
  - υ, ι alongan en υ, ι, longas, pero non se advirte na grafía.
- Recorda, por último, que bastantes verbos de radical con μ teñen un pres. en -μν, como κάμνω, τέμνω, etc., e non teñen o -ν- fóra do tema de presente.

✓ Realiza a πράξις 5